

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO DE 2º DE BACHARELATO

A/ OBXECTIVOS DO CURSO

- Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.
- Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.
- Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propondo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ó benestar económico e social.
- Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ó mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.
- Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.

B/ CONTIDOS BÁSICOS

- Nocións básicas sobre a empresa e formas xurídicas que poden adoptar: Concepto de empresa. Elementos e áreas funcionais. A figura do empresario. A función de dirección. Clasificación das empresas. O Código de Comercio. O Rexistro Mercantil. Os libros contables obrigatorios. Signos distintivos da empresa. As cinco forzas competitivas de Porter. Análise DAFO. A natureza xurídica da empresa.
- A composición do patrimonio e a súa valoración. As contas anuais: O patrimonio empresarial (conceptos básicos, elaboración de balances). Valoración do patrimonio empresarial. Valoración de existencias: FIFO, LIFO, PMMP. As contas anuais da empresa e os libros contables.
- As fontes de financiación: Conceptos básicos. Clasificación.
- Análise económica e financeira da empresa: Conceptos básicos. A estrutura financeira e económica. O principio de equilibrio financeiro. O fondo de manobra: concepto, cálculo e interpretación. Análise financeiro: ratios financeiras. Análise económico: ratios económicas.

- Os investimentos: Concepto e tipos. O período de maduración. Variables fundamentais dun plan de investimento. Métodos para seleccionar investimentos: métodos estáticos (o prazo de recuperación, cálculo) e dinámicos (VAN e TIR). Cálculo do VAN.
- A función de produción: Conceptos básicos. O proceso de produción. Custos de produción: tipos e cálculo. O punto morto: concepto, cálculo, interpretación e representación. Decidir entre comprar ou producir. A produtividade: concepto, tipos, cálculo. A xestión dos inventarios: o método de Wilson, o método ABC e o just in time. Gráficos Gantt e técnicas PERT-CPM. As externalidades da produción. Factores de localización empresarial.
- A función de marketing: Conceptos básicos. Tipos de mercados. Cuota de mercado. A investigación comercial. A segmentación de mercados. O marketing-mix.
- Dimensión e internacionalización da empresa: A dimensión empresarial. Diferenciar entre dimensión e ocupación empresarial. O crecemento interno e externo da empresa. As multinacionais. As *pymes*. O comercio electrónico.
- A fiscalidade da empresa: Os ingresos públicos. Conceptos tributarios básicos. Os principais impostos aplicados en España.
- A organización da empresa e a dirección de recursos humanos: A Escola da Dirección Científica do Traballo (Taylor e Fayol) e a Escola das Relacións Humanas. Principios básicos de organización. Organización formal e informal. Estructuras organizativas. O organigrama. A función de dirección. A motivación. Novas tecnoloxías da información.
- As relacións laborais: Os contratos de traballo (tipos e características, suspensión e extinción do contrato de traballo, requisitos para que sexan válidos). A representación dos traballadores (sindicatos, delegados de persoal, comités de empresa). Os convenios colectivos (concepto, tipos, contido). Os conflitos laborais (a folga e o peche empresarial; solución dos conflitos laborais: conciliación, mediación e arbitraje).

C/ RECURSOS

Non hai libro de texto. Trabállase cos temas elaborados pola profesora.

D/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1/ AVALIACIÓN INICIAL: Non se realiza.

2/ AVALIACIÓN ORDINARIA

2.A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro establecidos por cada unidade didáctica.
- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos tratados en cada unidade didáctica.
- Capacidade de explicación e síntese dos contidos.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.
- Grao de adquisición das competencias que se traballan na materia.
- Grao de adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a materia.
- Grao de preparación para afrontar as probas establecidas para o acceso á Universidade ou ós Ciclos Formativos de Grao Superior.

2.B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas
- Producións dos alumnos

2.C. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Exames:** Haberá 1 ou 2 por avaliación e adaptaranse ó modelo establecido para a Reválida. O modelo utilizado é similar ó establecido pola CIUG para a proba ABAU. Os exames faranse pola tarde co obxectivo de non perder horas de clase na materia e que os alumnos poidan dispoñer de hora e media para a realización do mesmo, que é o tempo establecido para a mencionada proba ABAU.
- **Exercicios obrigatorios de avaliación:** Relación de exercicios a facer polo alumno na casa e que será entregado para a súa corrección en cada avaliación. A nota terase en conta para a nota final da materia.
- **Actividades de reforzo dos contidos** aprendidos en cada unidade didáctica.

2.D. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Os exames valoraranse de 0 a 10 e ó lado de cada pregunta constará a súa puntuación. Durante a realización dos mesmos os alumnos non poden ter consigo os móbiles, estes serán depositados no lugar indicado pola profesora. Os alumnos que copien durante o exame, empregando o método que sexa, serán expulsados da aula e terán un 0 de nota.
- Tendo en conta que un dos obxectivos é o dominio da expresión oral e escrita en galego e castelán, tanto nos exames como nos exercicios obrigatorios descontarase entre 0,25 e 1 punto por faltas de ortografía, erros sintácticos, incoherencia, desorganización, falta de “limpeza”, etc. (Ver a rúbrica)
- A nota de avaliación obtérase a partir da media entre os exames feitos. Desda nota media collerase o 90 % e sumaráselle o 10 % da nota media obtida polas actividades de reforzo de contidos. Non se fará media se a nota de un dos exames é de 1 ou inferior; nese caso considérase que a avaliación está suspensa e o alumno terá que ir á recuperación. Posto que non se poden poñer decimais no boletín, para os redondeos aplicarase o establecido na lei.
- Aqueles alumnos que suspendan unha avaliación terán un exame de recuperación, valorado tamén de 0 a 10.
- Aqueles alumnos que teñan aprobada unha avaliación pero queiran subir a nota, poden presentarse a facer un exame con ese obxectivo. Se melloran a nota, constará na avaliación esta; se a empeoran, figurará tamén na avaliación esta última.
- Os exercicios obrigatorios de avaliación valoraranse tamén de 0 a 10 e ó lado de cada un figurará a súa puntuación. Trátase da realización de problemas e preguntas acompañadas da correspondente puntuación. Serán feitos polos alumnos ó remate de cada avaliación e entregados no prazo indicado á profesora para a súa corrección. Se son entregados fóra de prazo, serán corrixidos pero non se terá en conta a nota para a media final da materia.
- A nota final da materia obtérase facendo media entre a nota das avaliacións, da cal se collerá o 90 %, máis a media dos exercicios obrigatorios de avaliación, nota da que se collerá o 10 %.

3/ AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

3.A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro establecidos por cada unidade didáctica.
- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos tratados en cada unidade didáctica.
- Capacidade de explicación e síntese dos contidos.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.
- Grao de adquisición das competencias que se traballan na materia.
- Grao de adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a materia.
- Grao de preparación para afrontar as probas establecidas para o acceso á Universidade ou ós Ciclos Formativos de Grao Superior.

3.B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba escrita

3.C. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exame: Realizárase nas datas establecidas polo Centro. O modelo de exame será similar ó establecido pola CIUG para a proba ABAU. Ó lado de cada pregunta figurará a súa puntuación.
- Rúbrica para a valoración da expresión escrita.

3.D. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- O exame valorárase de 0 a 10 e ó lado de cada pregunta constará a súa puntuación. Durante a realización do mesmo os alumnos non poden ter consigo os móbiles, estes serán depositados no lugar indicado polo profesor. Os alumnos que copien durante o exame, empregando o método que sexa, serán expulsados da aula e terán un 0 de nota.
- Tendo en conta que un dos obxectivos é o dominio da expresión oral e escrita en galego e en castelán, tanto nos exames como nos exercicios obrigatorios descontárase entre 0,25 e 1 punto por faltas de ortografía, erros sintácticos, incoherencia, desorganización, falta de “limpeza”, etc. (Ver a rúbrica)

4/ AVALIACIÓN DE ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO CON ECONOMÍA DE 1º PENDENTE

Os alumnos de 2º de Bacharelato que teñan a Economía de 1º pendente, serán avaliados segundo o seguinte proceso:

1. Realizarán ó longo do curso os exames de avaliación xunto cos alumnos de primeiro. Se aproban as tres avaliacións recuperarán a materia.
2. Aqueles alumnos que suspenderan os exames de avaliación, poderán recupera-la materia facendo un único exame a final de curso (no mes de maio).

En ambos casos, os criterios, procedementos, instrumentos e sistema de cualificación son os seguintes:

4.A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- O principal criterio de avaliación será o grao de consecución por parte do alumno dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro establecidos para cada unidade didáctica.
- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos establecidos para cada unidade didáctica.
- Capacidade de síntese e explicación dos contidos establecidos para cada unidade didáctica.
- Grao de consecución das competencias que se traballan na materia.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.

4.B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas.

4.C. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exames de avaliación: faranse entre un ou dous por avaliación. Haberá un exame de recuperación por cada avaliación. Se as clases non son presenciais os exames faranse a través da Aula Virtual ou por correo electrónico.
- Exame único a final de curso.
- Rúbrica para a valoración da expresión escrita.

4.D. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- O modelo de exame variará en función das unidades didácticas a avaliar. Ó lado de cada pregunta figurará a súa puntuación. A valoración do exame é de 0 a 10.
- Aqueles alumnos que suspendan unha avaliación, terán un exame de recuperación.
- Durante a realización dos exames os alumnos non poderán ter consigo os móbiles. Estes serán depositados no lugar indicado polo profesor e recollidos ó rematar o exame.
- Os alumnos que copien durante o exame, sexa polo medio que sexa, serán expulsados de clase e constaralles como nota un 0.
- A nota da materia por cada avaliación será a nota media dos exames feitos. Non se fará media se nun dos exames a nota é de 1 ou 0; nese caso considerarase que a avaliación está suspensa e o alumno terá que recuperar o exame.
- Dado que non se poden poñer decimais no boletín, para os redondeos aplicarase o establecido na lei.
- A nota final establecerase facendo a media entre a nota obtida nas tres avaliacións. Non se fará media para obter a nota final no caso de que o alumno non se presente ós exames dunha das avaliacións ou teña como nota nunha das avaliacións un 1 ou menos; se se dá este caso considerarase que a materia está suspensa aínda que coas notas de dúas avaliacións a media dea un 5.
- Aqueles alumnos que suspendan os exames de avaliación, poden facer un único exame a final de curso, valorado tamén de 0 a 10. Se o aproban terán recuperada a materia.
- Posto que un dos criterios de avaliación é o grao de dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán, recórdase ós alumnos que se baixará a nota dos exames e exercicios entregados para corrixir por ter faltas de ortografía, mala redacción, mala presentación, erros sintácticos, etc. Pódese descontar entre 0,25 e 1 punto.

E/ RÚBRICAS

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DAS PRODUCIÓNS DOS ALUMNOS

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Actividade sen facer	0
Actividade copiada ou baixada de Internet	0
Actividade moi incompleta, o alumno apenas lle adicou esforzo	2
Actividade incompleta, mal presentada e con erros por falta de traballo	3
Actividade ben presentada pero incompleta e con erros por falta de comprensión	4
Actividade ben presentada e cos aspectos fundamentais a tratar	5
Actividade ben presentada, cos aspectos fundamentais a tratar e poucos erros	6
Actividade ben presentada, recolle os aspectos elementais, hai máis aportacións e algún erro	7
Actividade ben presentada, recolle os aspectos elementais, hai máis aportacións e non hai erros	8
Actividade ben presentada, completa e sen erros	9
Actividade moi ben presentada, completa, sen erros e con moitas aportacións do alumno	10

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA

CRITERIO	DESCONTO
Máis de 5 faltas de acentuación	0,25 puntos
Menos de 5 faltas de acentuación e unha falta de ortografía	0,25 puntos
Menos de 3 faltas de ortografía	0,25 puntos
Máis de 3 faltas de ortografía e falta de limpeza	0,5 puntos
Ausencia de faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza	0,5 puntos
Máis de tres faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza, falta de coherencia	0,75 puntos
Máis de 5 faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza, falta de coherencia, desorganización	1 punto